



ANEXO 1
SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN COMO ORGANIZACIÓN CARITATIVA PARA DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA DE RETIRADAS DE
FROITAS E HORTALIZAS

D./D^a..... con NIF..... actuando en calidade de, en nome e representación da entidade..... con CIF....., recoñecida como por o día..... de de..... e inscrita co nº e con domicilio social en nº de código postal con teléfono nº , fax nº e correo electrónico.....

SOLICITA :

Acollerse como Organización Caritativa para a distribución gratuíta de froitas e hortalizas frescas procedentes das retiradas levadas a cabo polas organizacións de produtores recoñecidas, ou dos produtos resultantes da súa transformación, entre las persoas necesitadas dos Centros Beneficiarios asociados á Organización ou directamente entre persoas necesitadas, ás que a lexislación estatal recoñece o dereito a recibir asistencia pública por insuficiencia de recursos para a subsistencia, actividade para a cal está recoñecida como así consta nos fins estatutarios da entidade.

EXPÓN:

1. Que desexa ser recoñecida como organización caritativa para a distribución gratuíta de retiradas de froitas e hortalizas.
2. Que conforme ao disposto no artigo 84 do Regulamento (CE) nº 1580/2007, da Comisión, se compromete a:
 - a) Cumprir as disposicións do dito regulamento.
 - b) Levar, por produto, unha contabilidade material e financeira que reflicta con detalle estas operacións, segundo as instrucións que se diten ao efecto, e a adaptar a contabilidade financeira e/ou documentación soporte da actividade coas contas necesarias coherentes coa contabilidade material.
 - c) Someterse aos controis previstas pola autoridade competente.
 - d) A cumprimentar como organización caritativa, por cada envío recibido os "albarás de entrega, transporte e recepción do produto" emitidos polas organizacións de produtores que realizan as retiradas, e a emitir os "albarás de distribución e entrega do mesmo aos centros beneficiarios asociados", remitindo, en cada caso, dous exemplares cumprimentados ao órgano xestor competente respecto á organización de produtores expedidora e a citada organización de produtores, respectivamente. Así como a xustificar mediante os certificados correspondentes os ditos albarás de entrega, transporte e recepción, e os albarás de distribución e entrega, que xustifiquen a distribución dos ditos produtos aos distintos centros beneficiarios asociados, que estarán a disposición do órgano de control da comunidade autónoma no momento que éste o requira.
3. Que o produto procedente de retiradas de froitas e hortalizas se destinará unicamente ao consumo polas persoas asistidas na organización caritativa ou aos centros beneficiarios asociados para o consumo polas persoas asistidas neses centros beneficiarios.
4. Non distribuír produto retirado a centros beneficiarios que non estean asociados e/ou dos que non se comunicara a dita situación ao órgano competente da comunidade autónoma correspondente.
5. Comunicar os cambios que se produzan con respecto aos datos comunicados e de non asinar con organizacións de produtores acordos para recibir froita por riba das dosis totales máximas establecidas de 500 gramos por persoa e día.
6. Asumir de xeito subsidiario responsabilizándose das irregularidades que poidan cometer os centros beneficiarios asociados a dita organización, asumindo as sancións establecidas no artigo 122 do Regulamento (CE) nº 1580/2007 por incumprimento dos destinatarios.
7. Comprobar a veracidade dos datos subministrados na solicitude e documentación adxunta aportada polos centros beneficiarios asociados aos que vaia a subministrar o produto e de comunicar á autoridade competente os cambios que se produzan respecto dos datos indicados. O compromiso de que os datos da organización caritativa, incluídos nesta solicitude son correctos e de comunicar os cambios que se produzan con respecto aos manifestados na mesma.
8. Que asume a responsabilidade da documentación aportada dos centros beneficiarios asociados, e dos compromisos destes e das súas actuacións en relación coa distribución da froita, e o coñecemento das sancións establecidas por incumprimento dos destinatarios establecidas no artigo 122 do Regulamento (CE) nº 1580/2007.
9. Que os medios dispoñibles para a conservación da froita son:

| | Capacidade almacenamento en quilos ou m ³ (indicar) |
|------------------|--|
| Frigoríficos | |
| Non frigoríficos | |

10. Xúntase a documentación seguinte:
 - a) Copia da documentación do recoñecemento como organización ou institución caritativa polo organismo que o outorgou.
 - b) Copia dos Estatutos Sociais da entidade.
 - c) Declaración xurada do número medio de persoas asistidas ao día directamente na organización caritativa.
 - d) Número e relación dos centros beneficiarios asociados á organización xunto coa documentación a), b) e e) de cada un, así como os compromisos expresos de cada un deles indicados no punto 5 da presente circular.
 - e) Os compromisos expresos dos centros beneficiarios asociados á organización de "non recibir directamente das organizacións de produtores produto retirado e de recibilo unicamente da propia organización caritativa", "e de que o produto procedente de retiradas de froitas e hortalizas distribuído pola organización caritativa se destinará exclusivamente ao consumo das persoas asistidas no centro".
 - f) Outra documentación que determine a autoridade competente da comunidade autónoma.

.En, a de de
(Sinatura do representante e selo da entidade)